



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

**BASES DA XIX EDICIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA
“ÁNHEL FOLE” - 2016**

A Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca a XIX Edición do Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que se rexerá polas seguintes

BASES

1ª. Poderá concorrer calquera autora ou autor, de calquera nacionalidade, que presente unha obra escrita en lingua galega conforme á normativa oficial, establecida pola Real Academia Galega. As obras presentadas deben ser orixinais e inéditas, entendendo por obra inédita a que non foi comunicada nin na súa totalidade nin en parte por ningún tipo de procedemento.

2ª. As obras presentadas poderán consistir tanto nunha novela curta como nun conxunto de relatos, en calquera caso cunha extensión total mínima de 50 folios estándar e máxima de 100, equivalentes respectivamente a 90.000 e 180.000 caracteres con espazos. Cada autor ou autora poderá presentar cantas obras quixer, en envíos separados.

3ª. Establécese un único premio de catro mil (4.000) euros, que estará suxeito ás retencións legalmente establecidas. Enténdese que o importe do premio inclúe e compensa os dereitos económicos polos primeiros mil exemplares vendidos da obra premiada, ós cales os autores e autoras renuncian polo feito de presentárense a este certame e obteren o premio.

4ª. A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, S. A. Esta editorial asinará coa autora ou autor un contrato de edición nas condicións habituais, sempre de acordo coa lexislación vixente sobre a propiedade intelectual, e tendo en conta a excepción prevista na base anterior. O autor ou autora recibirá gratuitamente trinta exemplares da primeira edición, e o Concello de Lugo cen.

5ª. Das obras presentaranse tres exemplares mecanografados, en follas impresas por unha soa cara e cun tipo e tamaño de letra facilmente lexibles, debidamente paxinadas e encadernadas, no departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Praza Maior, 1, 27001 LUGO), indicando no exterior do sobre ou paquete “Para o XIX Certame Ánxel Fole”.

6ª. Os orixinais presentaranse baixo lema ou pseudónimo, sen ningún dato que identifique a autoría. Con eles achegarase un sobre pechado, en cuxo exterior constará o lema ou pseudónimo e o título da obra, e no interior o nome completo (e o nome literario ou

pseudónimo de publicación no seu caso), o enderezo e o teléfono da autora ou autor, o correo electrónico se o tiver, e unha fotocopia do DNI ou pasaporte.

7ª. O prazo de presentación pecharase o venres 30 de decembro do 2016. Nos envíos postais admitiranse os que foran expedidos ata a devandita data límite.

8ª. O xurado deliberante estará formado por tres persoas competentes na materia, designadas pola Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, unha delas a proposta de Edicións Xerais de Galicia. Con voz e sen voto, formarán tamén parte do xurado a Concelleira de Cultura e un funcionario que ela designe e que actuará como secretario.

9ª. O xurado reunirse para discernir o premio –que non poderá ser dividido, pero si declarado deserto– antes do 31 de marzo do 2017. As súas decisións serán inapelables.

10ª. Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dunha obra e o ditame do xurado esa obra obtiver outro premio, o autor ou autora débello comunicar inmediatamente ó Concello de Lugo, retirándoa do Certame Ánxel Fole. En calquera caso, enténdese que a obtención dun premio anterior implica a renuncia automática ó premio Ánxel Fole que lle puidera ser atribuído a esa obra por descoñecemento desta circunstancia, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que a autora ou autor puidera incorrer pola omisión do deber formulado nesta base.

11ª Os orixinais non premiados poderán ser recuperados polos seus autores dentro dos trinta días posteriores á publicación da decisión do xurado, ben recolléndooos persoalmente no Servizo de Cultura do Concello de Lugo, ben solicitando o seu envío por correo, en ámbolos casos identificándose e identificando a obra de xeito suficiente a xuízo do funcionario secretario do xurado ou da xefa do Servizo, que fican obrigados ó segredo sobre os datos de autoría que así coñezan. Unha vez transcorrido o devandito prazo, os orixinais non retirados serán destruídos xunto coas súas plicas.

12ª A participación no certame supón e implica a aceptación total das súas bases.